

INSTRUCCIÓN PARA AS ENTIDADES BENEFICIARIAS das axudas para o fomento da contratación de tecnólogos para a realización de actividades de I+D+i nas empresas e organismos de investigación en Galicia (PROGRAMA PRINCIPIA) convocada pola Resolución do 1 de marzo de 2021.

1. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN
2. SOLICITUDE DE PRÓRROGA
3. RENUNCIA PARCIAL OU TOTAL Á AXUDA
4. PAGAMENTO
5. PUBLICIDADE

1. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

De acordo co previsto no artigo 21 da resolución de convocatoria, se algunha entidade beneficiaria, unha vez recibida a resolución, quere realizar algunha modificación na mesma (perfil do traballador, plan de formación...) é necesario que remita unha solicitude de modificación da resolución por causas motivadas, que presentará exclusivamente a través de Sede Electrónica da Xunta, [carpeta de cidadán](#), modelo xenérico "alegacións".

Se non afecta á concorrencia competitiva en relación ao cambio de puntuación que a modificación podería implicar, a directora da Axencia Galega de Innovación procederá á modificación da resolución comunicando esta de xeito electrónico.

2. SOLICITUDE DE PRÓRROGA

Se algunha entidade, igualmente por causa motivadas, non pode realizar algunha das contratacións concedidas no prazo establecido na resolución de concesión (30 de setembro) procederá a enviar, **antes do remate do dito prazo**, un escrito motivado debidamente asinado, que presentará exclusivamente a través de Sede Electrónica da Xunta, [carpeta de cidadán](#), modelo xenérico "alegacións".

Compre ter en conta que a data **límite para a contratación será, en todo caso, ata o 1 de novembro de 2021 (inclusive).**

3. RENUNCIA PARCIAL OU TOTAL Á AXUDA

De acordo co previsto no artigo 20 da resolución de convocatoria a entidade beneficiaria poderá renunciar á subvención axustándose ao modelo Anexo VI ou por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A presentación da renuncia deberá facerse exclusivamente a través de Sede Electrónica da Xunta, [carpeta de cidadán](#), no modelo xenérico "renuncia".

A directora da Axencia Galega de Innovación ditará a correspondente resolución nos termos dos artigos 21.1 e 94 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. PAGAMENTO

O **aboaemento do incentivo** para a contratación do persoal técnico farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o que foi concedido, que se xustificará mediante a presentación da seguinte documentación dentro do prazo que se relaciona:

Prazo: 10 días contados a partir da data **de cada contrato incentivado** suscrito ou desde o seguinte á notificación da resolución, para o caso de contratacións xa realizadas antes da dita notificación e, en todo caso, **ata o 10 de novembro de 2021 (inclusive)**.

Documentación:

- Modelo de solicitude (Anexo V).
- Copias dos contratos do persoal contratado.
- Copia da vida laboral ampliada do persoal contratado actualizada á data de contratación.
- Documento de información asinado polo representante legal e cada persoa contratada (Anexo IV).
- Só no caso de que non se autoricen as consultas no documento anterior:
 - Copia do título oficial do persoal contratado.
 - Certificado acreditativo do grao de discapacidade do persoal contratado.
 - Copia da acreditación da posesión do grao de doutor ou posgrao.
 - Só no caso de denegar expresamente a súa consulta, certificación da entidade beneficiaria de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- Se é o caso, acreditación documental da colaboración dun organismo de investigación con sede en Galicia no plan de formación/capacitación acordado co persoal subvencionado.
- Só no caso de novas altas, certificado da titularidade da conta bancaria na que se solicite o pagamento.
- Só no caso de ser beneficiario do bono de formación, memoria da idoneidade da acción formativa do posto a desempeñar en I+D+i (Anexo VII) e o seu orzamento.

Forma de presentación:

A través de Sede Electrónica da Xunta, [carpeta de cidadán](#), modelo xenérico “achega documentación xustificativa”.

5. PUBLICIDADE

O **artigo 25.j)** Dar publicidade, nos termos establecidos na resolución de concesión, ao carácter público do financiamento do contrato e da actividade obxecto da axuda, facendo referencia expresa nos contratos laborais así como nas publicacións de todo tipo, relatorios, actividades de difusión de resultados e calquera outra actuación relacionada coa actividade de I+D+i na que estea implicado o persoal contratado, mencionando expresamente a súa convocatoria e orixe.

Colocar polo menos un cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3), no que se mencionará a axuda financeira da Xunta de Galicia e da Axencia Galega de Innovación, nun lugar visible para o público das instalacións do beneficiario, por exemplo, no lugar de traballo da persoa contratada.


O mesmo tipo de publicidade realizarase nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta.

En todas as obrigas descritas con anterioridade deberán figurar os logotipos institucionais cumprindo co Manual de Identidade Corporativa da Xunta de Galicia acompañado co texto «persoal cofinanciado pola Xunta de Galicia ao abeiro da Resolución da Axencia Galega de Innovación do 1 de marzo de 2021 (programa Principia).

En consecuencia, as obrigas de publicidade para as entidades beneficiarias concretarase en:

- Documento de información ao persoal traballador asinado no momento do contrato do cofinanciamento da súa contratación ao abeiro da Resolución da Axencia Galega de Innovación do 1 de marzo de 2021 (Programa Principia).
- Nas publicacións, relatorios, actividades de difusión de resultados e calquera outra actuación relacionada coa actividade de I+D+i na que estea implicado o persoal contratado: farase expresa mención: “persoal cofinanciado pola Xunta de Galicia ao abeiro da Resolución da Axencia Galega de Innovación do 1 de marzo de 2021 (programa Principia).
- Na páxina web da entidade farase igualmente mención: “persoal cofinanciado pola Xunta de Galicia ao abeiro da Resolución da Axencia Galega de Innovación do 1 de marzo de 2021 (programa Principia).
- Achéganse logos da Xunta de Galicia, do Xacobeo 2021-2022 e do Programa Principia para complementar a dita publicidade.
- Con respecto a estes logos, cómpre ter en conta o [Manual de Identidade Corporativa da Xunta de Galicia](#).

Exemplo publicidade web



Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2021

A Axencia Galega de Innovación

servizos.gain@xunta.gal